

Anuncio

Aprobado inicialmente

NOTICIA*Anuncio*

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 06/08/12 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza.

4.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE INSPECCIÓN, CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTIVIDADES EN RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación de actividades en réxime de declaración responsable.

Considerando que no expediente consta o informe favorable de Secretaría-Intervención para a aprobación da citada ordenanza.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala "

Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de Marzo, entre os que se encontra a referida taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación de actividades en réxime de declaración responsable, tramítouse o expediente administrativo para impoñer e ordenar dito tributo.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos o expediente e polo que propoño o Pleno que acorde:

1. Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente e que regula a citada taxa.
2. O presente acordo provisional, expoñelo o público así como a ordenanza citada e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no BOP e no Taboleiro de Anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3. Rematada a exposición pública o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houberen presentado no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza.
No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerarase definitivamente aprobada a ordenanza.
4. acordo definitivo que se houbera adoptado ou o provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza publicarase no BOP.
5. A referida ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP sendo de aplicación dende esa data. "

A Corporación Municipal por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, nove dos nove que compoñen o Pleno, acordan aprobar a proposta da Alcaldía citada anteriormente.

O texto da ordenanza consta no expediente obrante na Secretaría Municipal.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE INSPECCIÓN, CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTIVIDADES EN RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación da apertura de actividades económicas sometidas ao réxime de declaración responsable, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 1. Natureza e feito imponible

1. De conformidade con canto se establece polo artigo 20.4.i) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, constitúe o feito imponible a prestación da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar si a actividade realizada ou que se pretende realizar se asusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial reguladora da mesma, así como na urbanística, sobre ruidos, accesibilidade, medio ambiente e no Código Técnico da Edificación, de calquera actividade económica: agropecuaria, industrial, comercial, profesional, de servizos, etc., cuxa apertura se realice en réxime de declaración responsable ou comunicación previa, así como as súas modificacións, ao obxecto de procurar que os mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medio ambientais, acústicas e calquera outras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso de acordo coas facultades de intervención administrativas conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84.ter da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime Local.

2. Estarán suxeitos a esta Taxa todas as actividades cuia apertura se regula na Ordenanza Reguladora da apertura de actividades económicas non sometidas á avaliación da incidencia ambiental nas que resulte obrigatoria a realización da actividade de inspección verificación nos termos establecidos no parágrafo anterior ao tratarse de actividades non suxeitas a autorización ou control previo e, entre outras, os seguintes:

a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade agropecuaria, industrial, comercial, profesional ou de servizos, en réxime de declaración responsable.

b) Ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura, sempre que non impliquen unha modificación substancial da actividade.

c) Ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura sempre que non se trate dunha modificación substancial da mesma.

d) Ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura, sempre que non se trate dunha modificación subsatancial.

e) Reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso nin ampliación superficial nin da actividade.

f) A reapertura do establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo licenza no seu día, se a licenza non tivera caducado.

g) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que se realizou a preceptiva declaración responsable.

h) Cambio de titular nas actividades nas que se realizou a preceptiva declaración responsable, tendo tal consideración a posta en coñecemento da administración de dito cambio por persoa distinta que para seguir exercéndoa nun establecemento sempre que tanto a propia actividade, o establecemento onde se desenvolva e as súas instalacións non sufriran modificacións respecto á desenvolvida polo anterior responsable e conforme a súa declaración, salvo as que expresamente se imponían por precepto legal.

3. Aos efectos desta Taxa, entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

Artigo 2. Exencións

Estarán exentos do aboamento da Taxa os seguintes supostos de traslado de local, sempre que se manteña no novo establecemento, a actividade anterior ao traslado:

Como consecuencia de durrabamento.
Declaración de estado ruinoso.
Expropiación forzosa realizada polo Concello

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou xa se estea desenvolvendo en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitud de licenza ou similar para a mesma, ou se é o caso, por que presente declaración responsable.

Artigo 4. Tarifa

4.1. Tarifa básica:

	€
a) 1ª apertura	150
b) ampliación non substancial	70
c) cambio de titularidade	70

4.2. Coeficientes de incremento pola superficie do local:

Aquelas actividades que se desenvolvan nun establecemento permanente tributarán pola tarifa básica incrementada pola aplicación dos seguintes coeficientes:

SUPERFICIE DO LOCAL	COEFICIENTE DE INCREMENTO
Menor de 100 m ²	Tarifa básica
Entre 100 e 200 m ²	1,5
Entre 200 e 500 m ²	2
Entre 500 e 1000 m ²	2,5
Mayor de 1000 m ²	3

4.3. Incremento en relación ao tipo de control esixido:

- a) Control sobre ruídos e vibracións: Custo para o Concello
- b) Control sobre vertidos á rede municipal ou a fosa séptica particular: Custo para o Concello

Artigo 5. Devengo

1. Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade no momento de emisión da acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial.

2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola clausura da actividade ou suspensión temporal da mesma.

Non obstante, se antes de dictarse resolución que poña fin ai procedemento de inspección, comprobación e control se produce o desistimento da solicitud, por escrito, a cota tributaria reducirase ao 50%.

Artigo 6. Xestión

Emitida a acta que determine a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, en relación coas actividades non suxeitas a autorización ou control previo, xirarase a oportuna liquidación, que será notificada ao suxeito pasivo, debendo ser aboada, en período voluntario, nos seguintes prazos:

- a) Si a modificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si este non fora hábil o seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP de Lugo, sendo de aplicación dende esa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza poderá interponerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no artigo 19 do RDL 2/2004 ou calquera outro recurso que se estime pertinente.

Riotorto, 31 de Outubro de 2012.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 4528